

T.E.



www.galicia.ccoo.es/ensino/

*mellora as túas condicións
ti decides*



a túa garantía

LIMIAR

A experiencia gañada nos últimos catro anos nos animan a seguir avanzando cara a consecución de novas melloras laborais. As propostas aquí recollidas son froito deste bagaxe, e

veñen dadas polo contacto coa realidade laboral na que participamos. Nós considerámolas necesarias e posibles, e ó poñelas neste programa convertémolas en compromiso.

FORMACIÓN


Para mantermos ó día na nosa actividade laboral, para manter vivo e constante o interese polo noso oficio, para acadar os obxectivos estratéxicos como empresa, é preciso contar cunha política definida e planificada sobre formación que ten que ser o instrumento capital, non só, para a mellora da prestación profesional senón tamén para o aumento da calidade de todo o que facemos, que é sempre a mellor defensa da administración pública.

Nesta área CC OO vai traballar para acadar os seguinte obxectivos:

- ✓ **No mes de decembro de cada ano** é preciso que estea elaborado o **plano xeral de formación do ano seguinte**, de tal xeito, que os traballadores e traballadoras poidan coñecer coa suficiente antelación as accións formativas dos seguintes doce meses.
- ✓ **Regulamentación**, clara e precisa, sobre o **financiamento de cursos externos**.
- ✓ **Coordinación coas outras universidades galegas** para a **convocatoria de cursos** que, pola súa **temática específica** ou polo reducido número de persoas interesa-

das, sexa máis eficiente organizar conxuntamente.

- ✓ **O tempo dedicado a formación** ten que ser considerado **tempo de traballo**. Como primeiro paso propoñemos unha cota fixa de, cando menos, corenta horas anuais de formación en horario de traballo, fundamentalmente dedicadas á actualización de coñecementos propios do posto de traballo.
- ✓ **Continuidade nas accións formativas**. Para logralo cómpre desenvolver un programa de formación a medio prazo (catro anos) cos obxectivos claramente definidos.
- ✓ **Curso de formación impartidos pola mañá para o persoal que traballa na quenda de tarde**. Cursos impartidos nos tres Campus ou, no seu defecto, axudas para dietas de comida e transporte. **Cursos que contén tamén co persoal de apoio os campus**.
- ✓ **Igualdade de dereitos entre o persoal fixo e contratado** na realización dos cursos.



RETRIBUCIÓN

A perda do poder adquisitivo foi unha constante nos últimos anos, por sorte o persoal laboral na Universidade de Vigo conseguimos mitigar os efectos destes recortes conseguindo algunhas melloras económicas: paga de produtividade, cambios e pluses das categorías... Neste próximo anos para seguir avanzando nesta dirección traballaremos para convocar de novo e **manter viva a Mesa de Retribucións e conseguir os seguintes obxectivos.**

- ✓ **Homoxeneización retributiva entre o PAS laboral e o PAS funcionario.**
- ✓ **Estudio e valoración dos postos de traballo,** tal e como obriga a disposición adicional sexta do actual Convenio Colectivo, para ter datos obxectivos que nos permitan incrementar o complemento de categoría e definir claramente o de responsabilidade.
- ✓ **Dentro da loita contra a perda do poder adquisitivo, e co fin de asegurar unha remuneración "mínima vital" incidiremos na subida dos salarios máis baixos.**
- ✓ **Eliminar os desequilibrios retributivos existentes na actual relación de postos**

de traballo. Para conseguilo propoñeremos un plan a medio prazo (catro anos) racional e realista, de tal xeito, que sen perder os que xa teñen, poidamos dar o mesmos os, que en postos e responsabilidades similares, gañan menos.

- ✓ **Estructura salarial racional,** minorando as diferencias económicas entre as distintas categorías do mesmo grupo e onde o paso dun grupo a outro supoña un incremento regular, evitando diferencias excesivas ou mínimas entre os distintos grupos.
- ✓ **Definición detallada, xustificada e motivada dos pluses que se concedan** tanto no que se refire a contía económica como as responsabilidades que supoñen.
- ✓ **Plus de transporte.** O horario distinto do persoal que ten xornada partida, o número cada vez máis importante de traballadoras e traballadores que se desprazan entre as cidades dos distintos campus para acudir o seu posto de traballo e a subida, o próximo curso, do rectorado a Marcosende obríganos a buscar unha solución máis xusta o problema do transporte.

RPT E PROVISIÓN DE PERSOAL

A negociación anual da RPT (relación de postos de traballo) tal e como manda o artigo 12 do actual Convenio Colectivo ten que ser algo máis que unha declaración de intencións. O incumprimento desta obriga incide directamente na elevadísima contratación temporal e provoca que moitos postos de carácter estrutural se estean a cubrir á marxe das canles e dos principios básicos para a selección de persoal na administración pública. Para amañar esta situación imos traballar cara a consecución dos seguintes obxectivos:

- ✓ **Pediremos que a xerencia e o servizo de RR HH se doten do persoal e recursos necesarios para que sexa factible negociar cada ano a RPT e desenvolver de xeito ininterrompido os procesos de oposición. Para axilizar este procesos cómpre elaborar unhas normas e un protocolo de actuación que nos axuden a ser máis eficaces. É preciso tamén que a empresa se implique máis no apoio os**

tribunais e que obrigue a que as probas se axusten a titulación que pide a convocatoria.

- ✓ **Redución da temporalidade** ata que esta non supere a taxa do 8% do total do cadro de persoal.
- ✓ **Substitución do persoal temporal en postos estruturais por persoal fixo.**
- ✓ **Incorporación á RPT** das áreas e oficinas, que non contan con persoal propio da Universidade de Vigo, unha vez que se está a demostrar a súa necesidade (OFOE, OFIX, OMA)
- ✓ **Potenciar e dotar con persoal propio o Gabinete de Prensa e a Área de Calidade.**
- ✓ **Creación,** porque hai razóns obxectivas que así o demostran, dunha **Oficina de Traducción** dotada con persoal propio.

- ✓ Só se recorrerá a **traballadores temporais** para **atender necesidades** conxunturais ou cubrir prazas estruturais namentres estas non se provean. **No caso de que a praza non se cubra no prazo máximo de dez meses a partir do contrato interino, o posto ocupado incluírase na oferta de emprego público.**
- ✓ **Reincorporación da Unidade Técnica** como servicio propio da Universidade de Vigo, poñendo fin a súa etapa privatizada. **Creación** dentro dela dunha **Unidade de Mantemento.**
- ✓ **Non apoiaremos a contratación temporal** en prazas de nova creación obrigando

a empresa a cubrilas canto antes a través do sistema de concurso oposición.

- ✓ Estudio, para a súa posterior **creación**, dun **grupo II para o persoal de laboratorio** co fin de posibilitar a promoción dos técnicos especialistas desta área. Potenciar a versatilidade deste colectivo formándoo en áreas afíns.
- ✓ Salvo excepcións, previamente acordadas entre o Comité e a Xerencia, o **50% das prazas reservaranse para promoción interna e o outro 50% destinaranse a oferta libre.** En todo caso, sempre que haxa prazas ocupadas por contratados o sistema empregado será o de 50/50.

FUNCIONAMENTO DO COMITÉ DE EMPRESA E ACCIÓN SINDICAL

Seguiremos aportando ó Comité o noso talante aberto e dialogante na procura de resolver conxuntamente os problemas que afectan ó persoal da Universidade de Vigo. Non obstante, non dubidaremos en denunciar calquera situación de abuso, tal e como fixemos nestes últimos catro anos, que se dea no seu seo. Por todo isto nos comprometemos a:

- ✓ **Traballar con seriedade mantendo sempre unha actitude ética e responsable** sen depender a nosa liña de actuación do rector, ou equipo rectoral, que governe.
- ✓ Elaboraremos, e daremos a coñecer, un **código de comportamento ético que subscribirán tódolos nosos delegados e delegadas.**
- ✓ **Cando algún representante de CC OO concurse a algunha praza**, para asegurar a máxima obxectividade e transparencia, garantimos que **nesa comisión de selección non participará ningún delegado ou delegada do noso sindicato** e esixiremos as outras seccións sindicais que fagan o mesmo.
- ✓ Comprometémonos a **mantervos permanentemente informados, a convocar asembleas para tratar os temas máis importantes e a someter a referendo aqueles que afecten a totalidade do cadro de persoal.**
- ✓ **Seguiremos actualizando e mellorando o web do intercentros** (que nós construí-

mos e administramos) e ademais de poñer a disposición de todos e todas a información, nos comprometemos a seguir buscando novas fórmulas de interactividade para que a vosas propostas cheguen en tempo real ó Comité

- ✓ Para impedir o presidencialismo e co fin implicar a tódolos membros do Intercentros no seu funcionamento propoñemos que, aparte do/a Presidente/a e o/a Secretario/a, que teñen definidas as súas funcións e as súas responsabilidades, **cada membro do Comité Intercentros, como órgano de representación unitario que é, debe te-la responsabilidade directa sobre unha área concreta de actuación.** A coordinación de tódalas áreas correspondería o/a Presidente/a.



ACCIÓN SOCIAL

En acción social imos traballar para conseguir o seguinte:

- ✓ Establecer **criterios de reparto que teñan en conta as cargas e a renda familiar co fin de dar máis a quen menos ten ou máis cargas soporta**. Para conseguilo é necesario que os/as participantes presenten a súa declaración da renda familiar.
- ✓ **Renegociación do plano de pensións** asinado con Caixanova por mor das perdas que ven dando nos últimos anos (-7,84% no 4º trimestre 2002).
- ✓ Traballaremos para recuperar o **proxecto de construír vivendas para o PAS e o PDI en Marcosende**. Axudaremos a constituír calquera cooperativa de traballadores e traballadoras que persiga este fin.
- ✓ Mentres este proxecto non sexa viable é preciso conceder **axudas para a adquisición da primeira vivenda**.

- ✓ **Construcción inmediata dunha escola infantil (0-6 anos)** en Marcosende. Para o resto dos Campus, e para o de Vigo namentres non se conta con estas instalacións, pediremos que se asinen **convenios con distintas garderías** para abaratar o custe deste servico.
- ✓ **Servicio médico permanente** no campus de Marcosende
- ✓ Que o chequeo médico anual inclúa, para tódalas traballadoras, unha **revisión xinecolóxica**.
- ✓ Posta en marcha dun **servicio de atención psicolóxica**.
- ✓ **Acordos de reciprocidade con outras universidades para conseguir matrícula gratuíta nas titulacións que non existen na Universidade de Vigo**

SAÚDE LABORAL

Unha vez que o Servicio de Prevención desta Universidade empezou a funcionar, desde CC.OO. entendemos que son necesarias as seguintes medidas:

- ✓ **Dotar a todos os centros de responsables en materia de prevención e seguridade**

- ✓ **Plan de emerxencia e de evacuación en cada centro de traballo.**
- ✓ **Dotar o servico de seguridade e prevención do persoal axeitado para detectar o acoso moral no traballo (mobbing).**
- ✓ **Estudio e deseño ergonómico dos postos de traballo**

XORNADA LABORAL, HORARIOS, VACACIÓNS E PERMISOS

Os distintos horarios que se dan dentro dunha familia non axudan nada a conciliar o traballo e a vida familiar, a rixidez horaria pode ser un impedimento para o nosa formación persoal ou profesional, para camiñar cara a unha mellor harmonización entre todos estes aspectos da vida, propoñemos negociar unha normativa horaria que inclúa o seguinte:

- ✓ **A presenza de obrigada concorrencia será de 30 horas semanais**, en horario de luns a venres. As **horas restantes** da xornada ordinaria realizaranse de **forma flexible** de acordo cos criterios negociados cos

representantes dos traballadores. Ademais, para conciliar a vida familiar e laboral e evitar que os traballadores e traballadoras teñan que optar entre traballo ou familia negociaremos a realización de xornada flexible especial para todos os que con causa motivada o soliciten.

- ✓ **Suspensión do cómputo vacacional no caso de producirse a incapacidade laboral do traballador ou traballadora durante o disfrute das vacacións.**

- ✓ **Compensación económica ós auxiliares técnicos de servizo xerais que teñan que realizar sábados**, complementando o que di o artigo 38.3 do actual convenio colectivo.
- ✓ **Redución da xornada** no Entroido, Semana Santa e Nadal.
- ✓ **Un día por morte dun familiar a partir do 3º grao**
- ✓ **Un día por enfermidade de familiar (1º e 2º grao) que non requira hospitalización.**
- ✓ **Vacacións de acordo coa seguinte antigüidade na administración:** 15 anos de servizo, 24 días hábiles; 20 anos de servizo, 25 días hábiles; 25 anos de servizo, 26 días hábiles; 30 anos de servizo, 27 días hábiles.

ACORDOS E CONVENIOS

- ✓ Seguiremos a movernos para que na Universidade de Vigo o persoal laboral e funcionario contemos cun **Convenio Marco no que se recollan os dereitos de todo o PAS.**
- ✓ Promoveremos a **negociación de acordos coas outras universidades galegas para, cando menos, posibilitar os traslados e compartir a formación máis específica.**
- ✓ **Os acordos tamén os faremos extensibles a outras universidades do Estado que estean dispostas a asinar convenio de reciprocidade.**

ADEMAIS...

- ✓ **Recoñecemos a débeda pendente cos traballadores e traballadoras que, contratados en categorías inferiores, están a realizar tarefas de grupo superior. Esixiremos que se lles pague o que se lles debe desde as transformacións de categorías e tamén que se lles recoñeza a antigüidade no grupo superior.**
- ✓ **Esixiremos a empresa que elabore un protocolo de acollida, cunha parte xeral e outra específica para cada posto, co fin de facilitar a integración do persoal de nova incorporación.**
- ✓ **Cando unha ampla maioría dun colectivo aposte pola funcionarización contará co noso apoio para realizar as negociacións que permitan levar adiante este proceso.**
- ✓ **Con respecto o persoal contratado de administración esixiremos que os seus contratos se fagan, tras o remate da oposición en marcha, como funcionarios interinos.**



QUEN SOMOS

As persoas que nos presentamos nas candidaturas de CC.OO. facémolo porque compartimos os principios que inspiran o sindicalismo desta central sindical, entre os que figuran os seguintes:

Sindicato reivindicativo

CC.OO. ten suficientemente contrastada o seu labor na defensa dos intereses salariais e profesionais dos traballadores e traballadoras.

Sindicato de clase

CC.OO. defende os intereses das persoas asalariadas sen distinción do tipo de traballo que realicen, con independencia da categoría profesional que ocupen ou de que o seu traballo sexa manual ou intelectual.

Sindicato unitario

A unidade de acción sindical é un obxectivo irrenunciable de CC.OO., porque entendemos que os intereses dos traballadores e traballadoras son comúns, independentemente da súa afiliación sindical. Tamén entendemos que a unidade do conxunto da plantilla é fundamental para a mellor defensa dos nosos intereses.

Sindicato democrático e participativo

CC.OO. intenta que as súas propostas sexan previamente aceptadas polo conxunto dos traballadores e traballadoras que representa, para o que considera imprescindible fomenta-la participación democrática na toma de decisións.

Sindicato independente

CC.OO. defínese como un sindicato absolutamente independente da Administración, dos partidos políticos e de calquera outra organización. Ademais, en CC.OO. non se fan distincións por razóns de concepcións políticas, ideolóxicas ou de calquera outro tipo.

Sindicato sociopolítico

CC.OO. non só asume as reivindicacións pola mellora das condicións de traballo dos traballadores e traballadoras, senón que tamén asume a defensa de todo aquilo que lles afecta como clase.

Sindicato de homes e mulleres

CC.OO. asume o principio de impulsar e desenvolve-la igualdade de oportunidades, así como combater calquera tipo de discriminación que por razón de sexo se produza.

CC.OO.

a nosa candidatura:

COLEXIO DE TÉCNICOS E ADMINISTRATIVOS

● Manuel Velasco Graña	Locais Sindicais	TEB
● Luis Olivares Requejo	Teleco	Informático
● Carmen Serra Rodríguez	CACTI	Tec. Sup.
● Aser Fernández Rey	Biblioteca Torrecedeira	TEB
● Victoria Alonso Crespo	Biblioteca Ciencias	TEB
● Susana Parguñá Fernández	F. Ciencias	Aux. Administrativa
● Dolores Cernadas Borrajo	F. Ciencias	T. E. Laboratorio
● José F. Rodríguez de la Concepción (Soros)	Biblioteca Central Vigo	Informático BUV
● M ^a Nieves Atanes Blanco	CACTI	Tec. Sup.
● Alejandra Vilas Rodríguez	Servicios Informáticos	Informática
● Ana M ^a Prieto Bereijo	Biblioteca Belas Artes	TEB
● Joaquín Cores Otero	Servicios Informáticos	Informático
● Agustina Parceró Pereira	Biblioteca Teleco	TEB
● M ^a José Salgado García	Biblioteca Central Vigo	TEB

COLEXIO ESPECIALISTAS E NON CUALIFICADOS

● Benito Gregorio González	Rectorado	ATSX
● M ^a Luisa Magaz Ledo	F. CC. EE. EE.	ATSX
● Mercedes Alonso Alonso	Teleco	ATSX
● Dolores Montoya Torrecilla	Teleco	ATSX
● Arturo Martínez Iglesias	F. Ciencias Educación	ATSX

vota cc.oo. a túa garantía



Sección Sindical de CC.OO. na Universidade de Vigo

<http://webs.uvigo.es/ccoo>

e-mail: ccoo@unigo.es

Teléfono e fax: 986 813 861

CC.OO.
federación do ensino

ensino@galicia.ccoo.es
r/ Triacastela, 3 Entrechán
15703 SANTIAGO
Tfon: 981- 552050 Fax: 552 051

r/María, 42-44
15402 FERROL
Tfno: 981-369336 Fax: 350353
av/ Alfonso Molina, Km 2, 3^a
15008 A CORUNA
Tfno: 981-145895 Fax: 145899
r/Pasantería, 1-2^a planta
36002 PONTEVEDRA
Tfno: 986-866276 Fax: 869784

r/Hernán Cortés, 26-2^a
36203 VIGO
Tfno: 986-446215 Fax: 221680
r/Ronda da Muralla, 58 Baixo
27002 LUGO
Tfno: 982-231975 Fax: 245907
r/García Dóriga, s/n
27850 VIVEIRO
Tfno: 982-561001 Fax: 561025

r/Roberto Bahamonde s/n
27400 MONFORTE
Tfno: 982-401518 Fax: 401518
Parque San Lázaro, 12-3^a planta
32003 OURENSE
Tfno: 988-392256 Fax: 251400
Praza de España, 2 Baixo Esqda.
32300 O BARCO
Tfno: 988-322034 Fax: 322034